



www.oqueleo.com

© 2022, María Canosa

© 2022, Nuria Díaz

© Desta edición:

2023, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Infantil y Juvenil, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-44-0

Depósito legal: M-26384-2022

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: marzo de 2023

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Coordinación editorial:

Marta Olivares


Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,

Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sustentable, economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Lobo Ramón: a vida é unha festa

María Canosa

Ilustracións de Nuria Díaz

oqueleg

*A Ale, Ana e Mariña, os tres
incondicionais do lobo Ramón.*

O lobo motorista, todo un artista!

Ramón ía acumulando peculiaridades. 9
Xa non era só o lobo a quen lle gustaba a empanada de bacallau con pasas. Agora tamén se convertera no primeiro lobo motorizado. Coa súa motocicleta e o seu casco, que acabara por furar para que as orellas fosen cómodas ao aire, fixérase famoso en toda a bisbarra. Viaxaba decote á vila para visitar o seu amigo Tomé, a quen sempre atopaba na librería do pai. Merendaban xuntos e lían libros a moreas. Eran moi felices.

De tanto ir e vir, a xente habituárase a telo entre eles. Xa non se estrañaban

nin moito menos se asustaban, polo que deixaron de arrearlle coa vasoira. Todo foi moito máis cómodo para el desde entón. O corpo agradecía, pois tanta malleira tíñao escangallado.

10 Afixéranse de tal xeito a velo no monte e na vila que botaba o camiño enteiro saudando a uns e outros. Algúns aproveitaban para facerlle encomendas. A lavandeira Leonor moitas veces encargáballe fíos e botóns para a xastraría e a esquío Coliflor, libros para a escola. Pero non só traía cousas, tamén levaba. Continuamente apañaba herbas axudado polo raposo Pancho para carretar á botica da vila. Follas de poexo, tila, macela, menta... e tamén cenorias, leitugas ou grelos para a tenda de comestibles que reinaba na praza.

Como o negocio seguise medrando acabaría por poñerlle un baúl máis grande á moto para poder facer o transporte dos mandados. Calquera día daba un tomo de gato con tanto peso. Non, mellor seguir así, aos poucos. El era moi coidadoso coa seguridade e coas normas e, de tanto practicar coas idas e voltas, era un experto condutor.

11

Mercara un chaleco reflector, pois nas viaxes sentíase máis seguro dese xeito. Tivérallo que axustar Leonor, porque non lle acaía ben e, coa tea que lle sobrou, fixera unha funda para a punta das orellas. Así, ademais de abrigalas, pois co vento a aquela velocidade quedábanlle xeadas, tamén axudaban a velas ben e evitar desgrazas.

Os seus amigos Tomé e Pancho insistían en que debía sacarlle máis rendemento á

motocicleta, xa que os recados facíaos de balde e, con tanta viaxe, non daba feito a encher o depósito de combustible. E é que Ramón nunca quixo cobrar nin un céntimo polas encomendas. Eran os seus amigos, xa o trataban de Moncho, como lles ía cobrar?

12 De ningunha maneira! Ademais, moitas veces agasallábano con moletes de pan, biscoitos, leitugas, calcetíns, bufandas...

Con todo, Tomé e Pancho insistían en que tiña que montar un negocio.

Un domingo de inverno, pero con sol, en que Tomé se achegara á cafetaría do bosque a almorzar con Ramón, este tamén insistiu na idea, axudado polo raposo Pancho e o propio dono do establecemento, o coello Dosindo.

—Ramón, tes que montar un negocio
—dicíalle Pancho mirándoo en fite por

riba dos cristais das súas lentes—. Estás perdendo cartos.

—Peor ca iso —retrucaba o neno Tomé—. Estás perdendo unha oportunidade.

Ramón non dicía nada. Limpaba co trapo o mostrador todo.

13

—Veña, vai sentar con eles —pedíalle Dosindo—, que agora mesmo non hai clientes por atender. Lévoche eu un café e un anaco de torta e outro para min, que vai frío e ben o merecemos.

Pancho aínda non probara a súa infusión fumegante. Tomé remexía cos churros no chocolate. Por fin estaban os catro sentados arredor da mesa. Ramón era todo orellas, pero máis ben por non desgustar os seus amigos, porque a verdade era que non tiña moita gana

de meterse en máis leas, agora que gozaba, por fin, dunha vida tranquila e feliz.

—Tiñas que montar unha empresa de transportes —dicía moi serio Pancho.

14 —Está claro que non che habían faltar clientes —corroboraba Tomé—. Pensa na cantidade de cousas que levas e traes cada vez que me vés ver.

Ramón negaba coa cabeza.

—Pero por que dis que non? —quería saber o neno.

—Porque non lles podo cobrar por iso, Tomé, son os meus amigos! —insistía na súa idea—. Eu fágollo de favor!

—Pois é unha parvada —comentou o raposo—. É coma se eu non lles cobrase pola consulta de médico. Mira ti! Non cobro agora de xubilado, que teño asegura-

da a pensión, pero antes... tiña que gañar a miña paga!

—Non é o mesmo —porfiaba o lobo no seu razoamento—. As miñas viaxes son por pracer, faríaas igual aínda que non tivese que levar nada aos demais. Eu vou por ver a Tomé, para pasar un anaco con el.

15

—Temos que pensar algo... —insistía Pancho.

Concentráronse todos nos seus almorzos. Co bandullo cheo pénsase mellor, así que ían dando conta das lambetadas ao tempo que valoraban outras propostas.

—Xa sei! —soou emocionado Tomé—. Un servizo de moto-taxi!

—Non, Tomé, grazas pola axuda, pero non sería moi seguro... prefiro que non.

Ramón só atopaba inconvenientes.



—Pois se paquetes non levas e persoas ou animais tampouco... que nos queda? —comezaba a impacientarse o neno—. Na vila hai un servizo a domicilio de pizzas e outro de tortillas, pero... xa hai! A min non se me ocorre ningunha outra cousa!

Os ánimos decaían. Foi xusto entón cando decidiu falar Dosindo. O coello mantivérase en silencio todo o tempo, mais non estaba alleo ao debate. Permanecera pensando e decidiu que aquel era o momento axeitado para falar.

—Moncho, lembrás como naceu esta cafetaría?

—Como non! Foi todo un acontecemento! Lembrámolo todos no monte!

Dosindo sorriu.

—Eu tamén o lembro. Foi un dos días máis felices da miña vida. E sabes que? Que

todo foi posible grazas a vós, que me insististes en que fixera o que máis me gustaba, e iso era cociñar. Por iso naceu o bar.

Os catro quedaron pensativos. Dosindo volveu falar.

—A ti, que é o que máis che gusta?

18 Ramón non respondeu só. Acompañárono Pancho e Tomé, que ao unísono dixeron:

—A empanada de bacallau con pasas!

E xusto así foi como naceu o negocio do lobo Ramón.

Empanadaría Ramón.

Especialidade: bacallau con pasas.

Servizo a domicilio en moto.